

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ORGANIZACIÓN DO SEGUNDO DIPLOMA DE EXPERTO/A DE AVALIACIÓN PARA OS SERVIZOS SANITARIOS

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2025

REUNIDOS

Dunha parte, **don Antonio Gomez Caamaño**, en calidade de Presidente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en diante ACIS), con CIF Q1500412J e domicilio social en Avda. Fernando de Casas Novoa, edificio CNL, nº 37, portal A-B, 1ª planta, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña), en nome e representación da mesma e en virtude das facultades que lle confire o artigo 11 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, **don Antonio López Díaz**, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, actuando en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, de 22 de marzo (Diario Oficial de Galicia núm. 56, do 22.03.2022), polo que se procede ao seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023 do Sistema Universitario do 22 de marzo e do Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela

Ambas partes recoñécense capacidade xurídica e lexitimación suficiente para subscribir este convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC leva a cabo actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico no marco do Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela aprobado polo Consello de Goberno da USC na sesión ordinaria celebrada o 30 de marzo de 2023, e dentro dese programa as entidades externas poden solicitar a colaboración para ofertar formación especializada.

SEGUNDO.- Que polo decreto 112/2015, de 31 de xullo, se creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de elaborar, en réxime

de descentralización funcional, a planificación en materia de docencia, formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías e servizos sanitarios, en función dos criterios e obxectivos de planificación estratéxica definidos polo Servizo Galego de Saúde e pola Consellería de Sanidade e xestionar o coñecemento no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A súa presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

TERCEIRO.- Ambas as dúas institucións valoran moi positivamente os resultados da primeira edición do Diploma de Experto/a Universitario de Avaliación de para os Servizos Sanitarios polo que consideran moi conveniente a colaboración mutua co obxecto de impartir unha segunda edición deste Diploma. Os contidos que abarcará seguirán sendo relacionados coa investigación, desenvolvemento e regulación de tecnoloxías sanitarias; o papel da avaliación de tecnoloxías como ferramenta de apoio á toma de decisión; a metodoloxía empregada na avaliación de tecnoloxías sanitarias; os sistemas de información en saúde; a incorporación da sociedade á avaliación de tecnoloxías sanitarias; e, por último, os retos actuais en avaliación de tecnoloxías sanitarias.

CUARTO.- Que o presente convenio se formaliza ao amparo do establecido no artigo 48.1. da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, no que se prevé que "As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes..., no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sin que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia."

QUINTO.- Que os intereses converxentes de ambas partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente conxugal.

En consecuencia, ambas as dúas partes asinan o presente convenio co fin de participar nos obxectivos manifestados que se rexeran polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é regular as bases de cooperación entre as partes para impartir o seguinte curso de Estudos Propios (contidos descritos de forma global no anexo I):

- Diploma de Experto/a Universitario en Avaliación para os Servizos Sanitarios (20 créditos ECTS)

Segunda.- Financiamento

O custe do curso ascende a 49.000,00 euros.

Para a realización do presente convenio ACIS realizará unha achega de 28.000,00 euros, que financiará os gastos de matrícula de 20 alumnos/as que serán propostos pola ACIS.

Esta cantidade irá con cargo á aplicación orzamentaria 12A1-413A-640.02, onde existe crédito orzamentario suficiente e axeitado.

Para garantir a viabilidade económica do curso, no caso de que non se producisen matriculacións externas de alumnado suficientes para cubrir o custe total do curso, ACIS colaboraría cunha achega extraordinaria de ata 21.000,00 euros, que financiaría o importe que fora necesario para cubrir os custes totais do curso. Esta cantidade irá con cargo a aplicación orzamentaria 12A1-413A-640.02, onde existe crédito orzamentario suficiente e axeitado.

En calquera dos casos, o alumnado proposto, que deberá reunir os requisitos de acceso ao curso, deberá achegar no momento da matrícula o formulario de autorización para que a entidade colaboradora formalice o pago do importe da matrícula, incluído o pago correspondente ao seguro obrigatorio.

Este financiamento non cobre os custos dos prezos públicos por expedición do Diploma de Experto/a, que deberán aboarse por cada unha das persoas matriculadas, unha vez superado o curso.

Terceira.- Compromiso da acis

Para a realización das actividades do presente convenio, ACIS ingresará na conta de cursos de estudos propios da Universidade de Santiago de Compostela: (CAGLE SMMXXX-ES65-

2080-0388-2331-1000-1298 ABANCA (Oficina de Relaciones con Organismos Rúa Nova, 33, 15705- Santiago de Compostela), una vez finalizado o período de matrícula e acreditado o inicio das actividades do curso.

Cuarta.- Compromiso da usc

A Universidade de Santiago de Compostela, a través da dirección do curso, obrígase a incorporar de forma visible en letreiros, carteis, publicacións e material de difusión relacionados coa actividade subvencionada o logotipo da ACIS, que lle será facilitado pola mesma, para a debida difusión da súa colaboración na realización do curso.

A USC comprométese a organizar e impartir o programa de formación do curso indicado na CLÁUSULA PRIMEIRA (descrito de forma global no anexo I), e reservar as prazas correspondentes aos alumnos propostos pola entidade colaboradora.

Quinta.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Sexta.- Propiedade intelectual

En ningún caso as cláusulas do presente convenio supoñen a cesión ou transmisión de calquera dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade das partes.

Sétima.- Dirección e coordinación do curso

A dirección do curso será asumida pola USC previo acordo entre as entidades que subscriben o convenio. A coordinación do curso recaerá na persoa responsable da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico da ACIS.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución e o seguimento do pactado neste Convenio constituirase unha Comisión de Seguimento composta por dúas persoas representantes de cada unha das partes asinantes. A Presidencia recaerá na persoa titular Xerencia da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, ou persoa en quen delegue, quen a súa vez terá o voto de calidade de desempate no seu caso.

Esta Comisión reunirase en sesión ordinaria logo da sinatura do Convenio e para determinar e validar a temporalidade dos traballos, medios materiais e humanos e as normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.

A Comisión fixará as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano ou, de forma extraordinaria, cando o solicite xustificadamente calquera das partes. Para estes efectos, serán válidas as reunións por teleconferencia ou videoconferencia.

Novena.- Protección de datos

De conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, así como na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, ambas partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos no mesmo, facendo constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán incluso despois de concluída a presente colaboración.

Décima.- Non exclusividade

Este convenio non limita a ACIS para establecer acordos de colaboración con outros terceiros, se fose necesario, para accións relacionadas co obxecto do mesmo.

Undécima.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor dende o día seguinte ao da súa sinatura e terá unha vixencia de un (1) ano, que empezará a contar o día seguinte á sinatura. O "II Curso de Experto Universitario en Avaliación para os Servizos Sanitarios" terá que realizarse durante o período de vixencia do convenio.

Este convenio será prorrogable de común acordo, cando as circunstancias do cumprimento do seu obxecto o aconsellen, con sinatura da prórroga por ambas partes, por un período de ata catro (4) anos adicionais como máximo, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Duodécima.- Réxime de modificación do convenio

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

Décimo terceira.- Resolución anticipada

Serán causas de extinción do presente convenio as contidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A resolución anticipada do convenio comportará a liquidación do mesmo por acordo da Comisión de Seguimento.

A USC ten a obriga de devolver a ACIS os importes ingresados das matrículas do alumnado proposto pola ACIS, de que o curso non chegara celebrarse.

Décimo cuarta.- Xurisdición

Este convenio ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

Décimo quinta.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do

9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no artigo 46 do Decreto 112/2015, de 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E, para que así conste, asinan o presente acordo de colaboración, no lugar e data indicados.

Pola Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	Pola Universidade de Santiago de Compostela
Antonio Gómez Caamaño	Antonio López Díaz

Anexo I

1. Programa de actividades propostas

Actividade: DIPLOMA DE EXPERTO/A EN AVALIACIÓN PARA OS SERVIZOS SANITARIOS (20 créditos ECTS)

DIRIXIDO A: profesionais sanitarios que desenvolvan a súa práctica clínica no SNS; persoas adicadas á xestión sanitaria; licenciados universitarios en xeral con interese no uso da avaliación de tecnoloxías de sanitarias.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Coñecer o marco legal, clínico e organizativo no que se desenvolve a Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias en España e Europa.
- Coñecer a metodoloxía empregada na Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coñecer os conceptos básicos e a metodoloxía empregada na avaliación de tecnoloxías sanitarias.
- Aprender a identificar, analizar e interpretar un informe de avaliación de tecnoloxías sanitarias e ser capaz de aplicar os coñecementos aprendidos á toma de decisións (clínicas, de xestión e organizativas).
- Coñecer o marco regulatorio que define o acceso ao mercado das tecnoloxías sanitarias (fármacos e tecnoloxías non farmacolóxicas) e o marco regulatorio que define o reembolso ou financiación de tecnoloxías sanitarias dentro do sistema sanitario español.
- Ter coñecemento do ámbito internacional na Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias. Ámbito da Unión Europea e doutros entornos. Redes de colaboración e Sociedades Científicas.
- Coñecer o papel que xoga a avaliación de tecnoloxías sanitarias na toma de decisións no ámbito clínico e na política sanitaria.

- Coñecer os novos modelos de financiación e avaliación continuada de tecnoloxías de alto impacto.
- Valorar a utilidade dos sistemas de información en saúde (historias clínicas, rexistros de pacientes, enquisas de saúde, datos administrativos, biobancos, saúde móbil, etc) para a xestión clínica e a toma de decisións en saúde.
- Entender o papel que desempeñan os clínicos, pacientes e cidadanía na avaliación de tecnoloxías sanitarias.
- Identificar os retos futuros e a importancia da colaboración multidisciplinar no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias.
- Valorar a utilidade do intercambio de coñecementos e experiencias cos profesionais da saúde no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias.

Módulos específicos

- **Relatorio inaugural**
- Fundamentos da ATS: eficiencia, sostibilidade e calidade das prestacións (relatorio inaugural) (1 hora)

Módulo 1: Proceso de investigación, desenvolvemento e regulación de tecnoloxías sanitarias. 25 horas

- Introducción á investigación clínica no ámbito de fármacos e outras tecnoloxías. (USC) (2 horas)
- Deseño de estudos experimentais e observacionais no ámbito clínico. Medidas de resultados. Validez interna e externa. (8 horas) (USC)
- Autorización e acceso ao mercado dos medicamentos. Procedemento de autorización. Expediente de autorización. (AEMPS) (5 horas)
- Autorización e acceso ao mercado dos produtos sanitarios. Nova regulación e clasificación. Requisitos de autorización do certificado. CE (AEMPS) (5 horas)
- Aspectos éticos e avaliación do conflito de interese no ámbito da saúde. (Comité Ética na Investigación) (3 horas)

Módulo 2. O papel da avaliación de tecnoloxías sanitarias como ferramenta de apoio a toma de decisión. 40 horas

- Conceptos básicos en ATS. Ciclos da vida das tecnoloxías (8 horas) (USC)
- Avaliación e financiación dos fármacos en España. Informes de posicionamento terapéutico. Esquemas de pago por resultados, acordos de risco compartido, outros modelos (6 horas) (MINISTERIO)
- Avaliación e introdución en carteira común de servizo das tecnoloxías non farmacolóxicas no ámbito do SNS. (MINISTERIO) (6 horas)
- Avaliación e introdución de tecnoloxías sanitarias nos servizos autonómicos de Saúde. (CCAA) (6 horas)
- A avaliación de tecnoloxías sanitarias dende o hospital. (Hospital Clinic) (6 horas)
- Regulación europea no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias. Presente e escenario futuro. (Avalia-t, ACIS) (3 horas)
- A relevancia da priorización das tecnoloxías sanitarias. Metodoloxía sistemática para decidir que avaliar. (5 horas) (USC)

Módulo 3: Metodoloxía empregada na avaliación de tecnoloxías sanitarias. 50 horas

- Busca bibliográfica da literatura (4 horas) (Avalia-t, ACIS)
- Elaboración, interpretación e análise dos informes de avaliación: resultados clínicos, avaliación económica, aspectos organizativos, éticos, legais e sociais (8 horas) (Avalia-t, ACIS)
- Métodos aplicados á avaliación de tecnoloxías: análise crítico da evidencia, métodos cualitativos, meta-análise, meta-análise en rede (12 horas) (Varios)
- Sistema GRADE para a avaliación da calidade da evidencia (4 horas) (Cochrane, Sant Pau)
- Avaliación Económica das tecnoloxías sanitarias. (14 horas) (USC)
- Guías de práctica clínica, vías protocolos e outros produtos baseados na evidencia (8 horas) (Avalia-t, ACIS)

Módulo 4: Sistemas de información en saúde. 35 horas

- Introducción aos sistemas de información en saúde e indicadores para a xestión e toma de decisións en saúde (8 horas) (Varios)
- Uso de datos e evidencia do mundo real (4 horas) (Avalia-t, ACIS)
- Sistemas de información existentes para a recollida de información sobre fármacos de alto impacto a nivel del SNS (8 horas) (Ministerio, CCAA)
- Os estudos de monitorización de tecnoloxías sanitarias non farmacolóxicas a nivel do SNS (10 horas) (RedETS)
- Normativa existente respecto á confidencialidade da información e dos datos clínicos (5 horas) (USC)

Módulo 5: Incorporación da avaliación de tecnoloxías sanitarias á sociedade. 30 horas

- Quen son os actores principais na ETS? Roles de directivos, xestores, profesionais sanitarios, pacientes e industria (10 horas) (Avalia-t, ACIS)
- Ferramentas e plataformas de información existentes dirixidas ao cidadán: o exemplo de e-saúde SERGAS (5 horas) (SERGAS)
- Introducción á implantación da medicina baseada en valor (ICHOM) (5 horas) (SEDISA)
- Normativa específica sobre dereitos e deberes dos cidadáns no sistema sanitario público (5 horas) (Varios)

Módulo 6: Retos e oportunidades futuras. 20 horas

- Medicina personalizada/xenómica (4 horas) (RedETS)
- m-health/e-health (4 horas) (RedETS)
- As aplicacións do BigData (3 horas) (USC/ISCIII)
- Mecanismos de desinversión e detección de obsolescencia. Recomendacións de non facer: "Do not Do" (4 horas) (RedETS)
- Sistemas de escaneo prospectivo do horizonte "horizon scanning" para detección de tecnoloxías emerxentes (5 horas) (RedETS)